

Seminario

A CORUÑA



“Socioloxía Urbana: un percorrido polo pasado, o presente e o futuro da cidade”

Impartido por:

- Estefanía Calo García

Descrición:

O estudo da cidade dende a Socioloxía Urbana permite coñecer a súa evolución e as dinámicas sociais que transforman o seu entorno. Dende a perspectiva histórica podemos comprender o crecemento da cidade, a urbanización do territorio, os cambios na planificación do espazo e a transformación de diferentes áreas ao longo do tempo. Ademais, a través da análise de procesos máis actuais como a xentrificación ou a turistificación, búscase entender como as estruturas urbanas inflúen na vida cotiá das persoas. Este seminario brinda ferramentas para interpretar a cidade, o seu funcionamento, e os desafíos contemporáneos dende un punto de vista crítico e cunha visión integral do pasado, o presente e o futuro. Búscase pensar cidades máis sostibles utilizando A Coruña como principal exemplo.

Obxectivos:

1. Introducir perspectiva sociolóxica sobre as cidades
2. Coñecer as diferentes etapas de crecemento da cidade
3. Explicar as diferentes partes da cidade segundo a forma, o uso e a estrutura
4. Presentar los procesos urbanos máis actuais (como a turistificación ou a xentrificación)

Contidos:

I. Introducción: as categorías do territorio

- a. O urbano e o rural
- b. O tramado urbano

II. Os tecidos urbanos

- a. Introducción: a trama urbana das cidades e a súa descomposición
- b. Tramas segundo as etapas de crecemento (forma)
- c. Tramado segundo a localización das actividades (uso)
- d. Tramas segundo o tipo de espazo (estrutura)

III. Os procesos urbanos

- a. A cidade global e os procesos urbanos
- b. A xentrificación nas cidades globalizadas
- c. Consumir a cidade: turistificación
- d. Urbanismo e xénero: cidade igualitaria

Metodoloxía:

- Clases maxistrais
- Debates
- Actividades con exemplo no aula
- Visitas de campo en A Coruña (se é posible)

Calendario e horario

Catro sesións de dúas horas (**de 11 a 13 horas**), os **días 12, 19 e 26 de febreiro, e 5 de marzo de 2026**, nas instalacións da **Universidade Sénior** en Normal (Paseo de Ronda, 47) da Coruña .

Inscrición e matrícula

As prazas son limitadas e serán asignadas por rigorosa orde de inscrición. A inscrición só poderá realizarse mediante formulario electrónico, **do 16 ao 26 de xaneiro de 2026**, a través da páxina web: www.udc.gal/senior. Máis información: **Secretaría da Universidade Sénior** (Tlf. 881014507 – secretaria.senior.coruna@udc.es)